



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL
SAÍDA

SAL. 001138 08.02.17 13:02

XERENCIA

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6.
15782 Santiago de Compostela
Tel 881811010- Fax:881 811210
Correo electrónico: xerente@usc.es

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE COMPLEMENTA A INSTRUCCIÓN III/2017, RELATIVA AO CALENDARIO DE FESTAS, VACACIÓNIS, PERMISOS E HORARIO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA O ANO 2017

A entrada en vigor da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida, con efectos do día 1 de xaneiro de 2017, trae como consecuencia a ampliación, con carácter xeral, do permiso por paternidade ata 4 semanas (28 días) e, con ela, a do período que cubre a prestación da seguridade social correspondente, a maiores do permiso de dous días por nacemento que xa establecía a norma.

Na USC, o persoal suxeito aos distintos convenios colectivos así como o suxeito á aplicación da Lei de emprego público de Galicia goza dun permiso por paternidade de 29 días.

Co fin de adecuar o período de goce deste permiso a aquel polo que corresponde percibir a prestación da seguridade social e, ao mesmo tempo, acomodar os dereitos dos traballadores a esta nova situación, enténdese procedente recoñecer, para todo o persoal, un día de permiso por nacemento, a gozar con anterioridade ao permiso por paternidade.

En consecuencia, logo de informar aos órganos de representación de persoal, a Xerencia dispón:

Único. Engadir un **último parágrafo no apartado 4.2 Permisos** da Instrucción III/2017, da Xerencia da USC relativa ao calendario de festas, vacaciónis, permisos e horario do persoal de administración e servizos para o ano 2017, coa seguinte redacción:

“No suposto de nacemento de fillo ou filla, o/a traballador/a terá dereito a un día de permiso, do que se gozará con anterioridade ao permiso por paternidade coa finalidade de adecuar ditos períodos ao fixado para percibir a prestación da seguridade social correspondente”.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

O xerente

Xosé Manuel Villanueva Prieto